

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

As facturas e demais documentación que se presenta para o efecto de xustificar o gasto subvencionado non foron nin serán presentadas como xustificación polos importes subvencionados para a concesión doutras axudas por calquera outra Administración Pública competente ou por outros entes públicos ou privados.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**Para o caso de que a subvención a xustificar sexa inferior a 20.000 €:**

Memoria resumo da execución do programa subvencionado, que inclúa a xustificación da vinculación dos gastos á actividade subvencionada, asinada pola persoa que ostente a representación da entidade beneficiaria (artigo 28.1.a).

Relación de facturas e outros documentos xustificativos dos gastos realizados, segundo o modelo publicado na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na ligazón <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego> (artigo 28.1.b).

Facturas ou outros documentos xustificativos do gasto, así como dos xustificantes bancarios de pagamento, identificadas e ordenadas segundo o modelo ou que se recolle no apartado b). Nos xustificantes bancarios deberá constar claramente a persoa emisora e perceptora e concepto de gasto (artigo 28.1.c).

No caso de gastos de persoal (artigo 28.1.d):

Contrato de traballo, nóminas, documentos de cotización á Seguridade Social, documento de ingreso das retencións á conta do IRPF (modelo 111) e xustificantes bancarios de pagamento das retribucións, correspondentes á persoa contratada. Nos xustificantes bancarios deberán constar claramente a persoa emisora, perceptora e concepto do gasto.

Partes de traballo asinados pola empresa e pola persoa traballadora, en que consten as horas dedicadas ao proxecto ou actividade subvencionado, con descrición das tarefas realizadas.

Declaración responsable da persoa que ostenta a representación da entidade da adecuación do custo salarial das persoas traballadoras ao convenio colectivo aplicable, especificando este e a categoría profesional das persoas traballadoras para os efectos da súa verificación.

No caso de actividades formativas-cursos, xornadas e similares (artigo 28.1.e):

Relación de asistentes, por cada unha das sesións celebradas debidamente asinada por todos eles.

Certificación do persoal docente ou responsable da actividade onde conste a asistencia do alumnado ou participantes segundo o establecido no artigo 8, punto 2.3 desta orde.

Tres ofertas de diferentes provedores para o caso do previsto no artigo 28.1.f).

Copia de todos os documentos xerados durante a execución dos proxectos como por exemplo documentos de difusión, materiais entregados, material docente, etc. (artigo 28.1.g).

Documentación acreditativa da repercusión pública das accións executadas, cando proceda (artigo 28.1.h).

No caso de actividades de asesoramento e acompañamento de grupos promotores e entidades de economía social a que se refiren os preceptos 7.1.b) parágrafo segundo e 7.2.d) parágrafo segundo poderá achegarse un informe de seguimento, segundo o modelo que forma parte do "Itinerario do emprendemento en economía social" (<http://eusumo.gal/asesoramento>), debidamente asinado polas persoas participantes e pola entidade beneficiaria, ou achegar unha declaración conxunta asinada polas persoas participantes e pola entidade beneficiaria. Deberán especificar os custos das xestións realizadas durante esta actividade (artigo 28.1.i).

Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou outros entes públicos, ou, se é o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o anexo III (artigo 28.1.j).

No caso de non estar exenta da obriga de levar contabilidade, balance provisional de fondos da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada da subvención, se é o caso (artigo 28.1.k).

A carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes de anticipos non aplicados, así como dos xuros derivados destes, se é o caso (artigo 28.1.l).

Para o caso de que a subvención a xustificar sexa igual ou superior a 20.000 €:

Memoria resumo da execución do programa subvencionado, que inclúa a xustificación da vinculación dos gastos á actividade subvencionada, asinada pola persoa que teña a representación da entidade beneficiaria (artigo 28.2.a).

Relación de facturas e outros documentos xustificativos dos gastos realizados, segundo o modelo publicado na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na ligazón: <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego> (artigo 28.2.b).

Informe elaborado por un auditor de contas que se axuste ao indicado no artigo 28.2.c).

No caso de actividades formativas -cursos, xornadas e similares- (artigo 28.2.d):

Relación de asistentes, por cada unha das sesións celebradas debidamente asinada por todos eles.

Certificación do persoal docente ou responsable da actividade onde conste a asistencia do alumnado ou participantes segundo o establecido no artigo 8, punto 2.3 desta orde.

No caso de actividades de asesoramento e acompañamento de grupos promotores e entidades de economía social a que se refire o artigo 7.1.b) parágrafo segundo e 7.2.d) parágrafo segundo poderá achegarse un informe de seguimento, segundo o modelo que forma parte do "Itinerario do emprendemento en economía social" (<http://eusumo.gal/asesoramento>), debidamente asinado polas persoas participantes e pola entidade beneficiaria, ou achegar unha declaración conxunta asinada polas persoas participantes e pola entidade beneficiaria. Deberán especificar os custos das xestións realizadas durante esta actividade (artigo 28.2.e).

Copia de todos os documentos xerados durante a execución dos proxectos como por exemplo documentos de difusión, materiais entregados, material docente, etc. (artigo 28.2.f).

Documentación acreditativa da repercusión pública das accións executadas, cando proceda (artigo 28.2.g).

Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou outros entes públicos, ou, se é o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o anexo III (artigo 28.2.h).

A carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes de anticipos non aplicados, así como dos xuros derivados destes, se é o caso (artigo 28.2.i).

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Atriga	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de